



---

DITAME SOBRE OS PROXECTOS DE DECRETO POLOS QUE SE ESTABLECEN OS CURRÍCULOS DOS CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO E SUPERIOR CORRESPONDENTES AOS TÍTULOS DE:

- Técnico superior en produción de audiovisuais e espectáculos.
- Técnico superior en realización de proxectos de audiovisuais e espectáculos.
- Técnico superior en animación en 3D, xogos e contornos interactivos.
- Técnico superior en iluminación, captación e tratamento de imaxe.
- Técnico en mantemento electromecánico.
- Técnico superior en mecatrónica industrial.
- Técnico superior en mantemento electrónico.
- Técnico superior en automatización e robótica industrial.
- Técnico superior en transporte marítimo e pesca de altura.
- Técnico en construción.
- Técnico en obras de interior, decoración e rehabilitación.
- Técnico superior en estilismo e dirección de peiteado.
- Técnico superior en programación da produción en moldeamento de metais e polímeros.

---

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 21 de febreiro de 2013, emite o seguinte ditame en relación cos proxectos de decreto polos que se establecen os currículos dos ciclos formativos de grao medio e superior de trece novos títulos de técnico e técnico superior de formación profesional.

1. O Consello Escolar de Galicia recoméndalle á Administración educativa que desdobre os grupos de formación profesional que superen os 20 alumnos e alumnas, sobre todo naqueles que resulten perigosos para o alumnado e profesorado, no tocante a manexo de produtos ou aparellos de risco. Nesta rateo debe contar o alumnado repetidor.
2. Para todos os decretos propónse que no artigo 11.5 se inclúa o texto en negra: "A cantidade e as características dos equipamentos que se inclúen en cada espazo deberá estar en función do número de alumnos e alumnas **non superior a 20**, e han ser os necesarios e suficientes para garantir a calidade do ensino e a adquisición dos resultados de aprendizaxe".
3. Así mesmo, recoméndalle que se adopten as medidas adecuadas para adaptar os centros e equipamentos á posta en marcha dos títulos de formación profesional que emanan da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.



4. Para todos os decretos propónse a inclusión dunha disposición transitoria segunda co seguinte texto: **“A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria contemplará medidas de apoio ao profesorado, especialmente na formación permanente e na investigación e innovación nesta etapa educativa, para contribuír ao mellor desenvolvemento e aplicación destes novos currículos”.**
5. Por último, propón un texto de substitución para o artigo 13º dos proxectos de decreto de ciclos formativos de grao superior. O texto quedaría como segue: **“Terá preferencia para acceder a este ciclo formativo o alumnado que cursara a modalidade de bacharelato de ciencias e tecnoloxía, o bacharelato científico ou o bacharelato tecnolóxico”.**



O Secretario

José Alejo Losada Aldrey



V. e pr.

O Vicepresidente



Fernando del Pozo Andrés